


As paisaxes da memoria



Pertenzo a unha xeración cunha calidade que a fai única: fomos os últimos nenos que medramos sen a presenza da televisión, un medio que chegou por primeira vez a Galicia cando eu tiña once ou doce anos. Así que, cando penso que podo contar daquel tempo da infancia, véñenme á memoria lembranzas que hoxe poden parecer arqueolóxicas.

Lémbrome de Vilalba, a vila onde transcorreu a miña infancia, e que para min era o centro do mundo. Lémbrome do meu pai, que era músico e carpinteiro, e que un día, cando eu tiña oito anos, me levou ver o mar de Foz. Lémbrome do recendo a mazá madura que había nos armarios da miña casa, grazas ás mazás que a miña nai colocaba no seu interior. Lémbrome do meu avó materno, que tiña unha plantación clandestina de tabaco na horta de tras da casa. Lémbrome dos contos de fantasmas e aparecidos que, polas noites de inverno, se contaban arredor da cociña de ferro. Lémbrome dos dous primeiros helicópteros que vin na miña vida, que unha mañá de domingo aterraron no campo de fútbol do Racing Vilalbés por mor dunha avaría. Lémbrome dos seriais que escoitabamos pola radio (Superman, Jim Phoscao, Una princesa de Marte...), e do único cine que había, tan parecido ao que Giuseppe Tornatore nos descubriu en Cinema Paradiso, e dos moitos cómics (tebeos, dicíamos daquela) que os meus irmáns e mais eu liamos unha e outra vez...

A min encántame que me conten historias. De viva voz, nas páxinas dun libro ou dun cómic, na escuridade dun cine ou a través de calquera das pantallas que teño na casa. E sei ben que a raíz deste gusto meu polos mundos de ficción nace dos anos da infancia. Daquela os nenos viviamos moi libres, lémbrome sempre xogando na rúa, ou no río, ou polas leiras próximas ao barrio. Era un neno moi inquieto e sospeito que non obedecía moito, pois as rifas na casa eran abundantes. E tiña tamén unha gran imaxinación, era unha das calidades que me recoñecían os outros nenos e os mestres.

Os libros que lembro cun pracer especial son os poucos que tiña ao meu alcance, na que pomposamente podería chamar a biblioteca do meu pai, que non chegaría aos cincuenta títulos. A maioría magníficos, iso si, en edicións baratas dos anos anteriores á Guerra Civil: Verne (o meu libro mítico é A illa misteriosa,

tantas veces lido naquela edición que aínda conservo), Salgari, Poe, Mark Twain, Stevenson, Balzac... E, xaora, os cómics, sobre os que podería falar e non parar (de feito, escribín algún libro teórico sobre eles). Agora que se poden mercar reedicións daqueles tebeos antigos, ségueme abraíando a lucidez dos humoristas da escola Bruguera, que fixeron un retrato amargo e feroz das miserias da posguerra. É certo que tamén liamos cómics moi pobres, como Roberto Alcázar y Pedrín ou El Guerrero del Antifaz. Pero ademais estaban El Capitán Trueno, Flash Gordon e outros, dunha calidade moi superior. E, antes de que os prohibise a censura, Superman e Batman, que era o meu preferido.

A miña infancia rematou aos 14 anos, cando marchei a estudar á Universidade Laboral de Xixón. Alí estiven interno durante sete anos, alí me fixen Perito Industrial. Non a lembro como a mellor etapa da miña vida, pero fixen amigos de verdade, había boas bibliotecas ao meu dispor e puíden ver bastante cine.

Eran os anos sesenta, unha etapa de cambios moi profundos no mundo, un tempo no que a mocidade cobrou un protagonismo especial (a música rock, o movemento hippy, a oposición á guerra de Vietnam, a liberación sexual, a loita contra a discriminación racial...). Tamén a min me influíu, e moito, ese novo aire de liberdade nas ideas e nos costumes, aínda que a España todo nos chegaba peneirado pola censura e o illamento que sufríamos.

Aos 22 anos marchei a Barcelona, coa intención de traballar e estudar Pedagogía. Traballei nunha empresa, si, mais fun adiando o de estudar. Naquel tempo Barcelona era unha illa de liberdade, había moitos cines e librerías, moitos sitios aos que ir e moitas persoas coas que falar. Foi unha etapa moi intensa, que aínda hoxe recordo con nostalxia.

Tres anos despois volví a Galicia. Instaleime na Coruña e matriculeime na Escola de Maxisterio. A miña situación económica era precaria, pero poucas veces me sentín tan feliz. Dispuña das vinte e catro horas do día para ler, para estudar, para ver cine e para charlas interminables sobre literatura, política, educación... España vivía unha época de cambios moi profundos; eran os anos previos á morte de Franco e a vida política e cultural democrática tiña cada día unha presenza maior.

En 1974 comecei a traballar como mestre, iniciando así a etapa máis intensa da miña vida. Se cadra, desde hoxe sexa difícil de entender, pero naqueles anos bastantes docentes, agrupados nos que logo se chamaron "movementos de renovación pedagóxica", ambicionabamos cambiar o mundo desde as aulas. Entregueime totalmente ao ensino, na aula e fóra dela. Ademais estudei Ciencias da Educación, parecíame necesario facelo. No plano estritamente persoal tamén foron anos inesquecibles, pois foi cando casei e cando naceu a miña filla.

Seguía sendo un lector voraz, xaora. Lía os autores considerados importantes (Cortázar, Camus, Kafka, Sartre...) mais tamén me fascinaba a literatura de xénero: a novela negra, de aventuras, de ciencia-ficción, de terror. Falo dunha etapa en que estas literaturas non estaban ben vistas nos ambientes culturais onde me movía; por iso, durante algúns anos, levei unha especie de dobre vida lectora, a oficial e a subterránea.

Nesta última estaban desde Stevenson ata Ray Bradbury, pasando por Bram Stoker ou por Lovecraft, por citar algúns dos meus autores admirados. Ben sei que hoxe é difícil comprender isto, mais así estaban as cousas.

Foi nesta etapa cando comecei a ler tamén literatura xuvenil e infantil. Coincidiu que algunhas editoriais españolas, en liña cos cambios sociais que se estaban a dar, comezaron a publicar os grandes autores europeos. Foi unha descuberta magnífico ler a Michael Ende, Gianni Rodari, María Gripe, Roald Dahl, John Christopher... Unha literatura que, por primeira vez, me fixo pensar na posibilidade de escribir nunha liña semellante.

Naqueles anos, tras aprobarse a Constitución, comezou a introducirse oficialmente a lingua galega no ensino. E como a literatura para mozos en galego era escasa, algunhas persoas da miña xeración decidimos escribir as nosas propias historias. Así que, aos corenta anos, e case por azar, publiquei a miña primeira novela. Os dous seguintes libros que escribín obtiveron cadanseu premio de importancia, e ese foi o xeito de descubrir que as miñas historias podían interesarlles aos lectores, así que me animei a continuar.

E non parei ata a actualidade. O que empezou sendo unha afección na que ocupaba parte do meu tempo libre, acabou por ser a actividade coa que me sinto máis a gusto. Ségueme agradando dar clase (desde hai bastantes anos son profesor nun instituto de Vigo, a cidade onde resido), pero a escritura foi ocupando, aos poucos, un lugar cada vez máis importante na miña vida.


Escribir novelas é un traballo duro, pero tamén fascinante. Cando estou metido nun proxecto novo, sobre todo se é dos que se van prolongar moito tempo, sempre acabo obsesionándome con el. Apaixóname ver como o que empeza sendo unha idea confusa vai tomando forma aos poucos, nun proceso que precisa de moitas horas de esforzo e que está cheo de satisfaccións e achados inesperados.

En certo xeito, supoño que coa escritura tamén aspiro a axudar a que o mundo sexa un pouco mellor. Repaso a miña biografía e constato que algúns libros lidos na miña mocidade cambiaron a miña forma de entender a vida: A peste de Camus, Carta a unha mestra dos alumnos de Barbiana, Gramática da fantasía de Rodari, as novelas de Kafka... E o mesmo ocorre con determinadas películas, como Jules et Jim de Truffaut ou Paixón de Bergman. Así que estou convencido de que as palabras poden axudar a cambiar a vida e a cambiar o mundo, aínda que non saibamos ben como nin en que medida.

Con todo, o que máis me segue gustando é ler o que escriben outras persoas. Continúo a ser un lector voraz, sobre todo de novela e poesía. E de cómics, claro, esa forma de contar historias tan engaiolante, dacabalo entre a literatura e o cine, capaz de dar obras mestras como Trazo de tiza de Miguelanxo Prado, Watchmen de Alan Moore ou Mauss de Art Spiegelman. O cine tamén segue a ser imprescindible para min, malia ser cada vez máis difícil chegar ás boas películas.

Aínda que cando escribo constrúo as miñas historias coas cousas que pasan ao meu redor, non podó

esquecer que todos os fíos cos que acabo tecendo os meus libros teñen a súa orixe na miña infancia. Nos contos que escoitei, nos libros e cómics que lin, nas películas que vin nunhas salas de cine que xa non existen, nos xogos das tardes de inverno e en todas as aventuras daqueles veráns luminosos e eternos. Todo está alí, nas paisaxes gardadas na miña memoria.

A handwritten signature in black ink, enclosed within a large, loopy circular flourish. The signature itself reads "Agustín Fernández Paz".